

MEPF/pvi

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE CONVOCA, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, A PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO AO NIVEL I DE GRAO MEDIO DAS ENSINANZAS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO NA MODALIDADE DE FÚTBOL NO CENTRO AUTORIZADO CAD REAL CLUB DEPORTIVO – A CORUÑA.

Pola *Orde do 20 de xullo de 2005* (DOG do 2 de agosto) autorízase ao centro autorizado de fútbol Real Club Deportivo da Coruña do concello de Abegondo (A Coruña) a apertura e funcionamento para impartir as ensinanzas de técnico e técnico superior en fútbol, reguladas no *Real decreto 320/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen os títulos de Técnico deportivo e Técnico deportivo superior nas especialidades de Fútbol e Fútbol sala, se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas e se regulan as probas e os requisitos de acceso a estas ensinanzas* (BOE do 29 de marzo), no *Decreto 353/2003, do 11 de setembro, polo que se establece o currículo da especialidade deportiva de grao medio correspondente ao título de Técnico deportivo en Fútbol* (DOG do 26 de setembro) e no *Decreto 372/2003, do 16 de setembro, polo que se establece o currículo da especialidade deportiva de grao superior correspondente ao título de Técnico deportivo superior en fútbol* (DOG do 17 de outubro).

Con data de rexistro do 1 de agosto de 2023, o director do Centro Autorizado de Ensinanzas Deportivas de Fútbol Real Club Deportivo de La Coruña, S.A.D solicitou autorización para a realización dunha proba de carácter específico de acceso ao nivel I de grao medio de Técnico deportivo na especialidade de Fútbol perante esta dirección xeral de Formación Profesional.

Considerando que, unha vez finalizado o prazo de inscrición nas probas ordinarias de acceso ás ensinanzas deportivas, establecidas na *Resolución do 4 de abril de 2023 (DOG do 20), da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2023/24*, dito centro dispón de vacantes e conta cun número considerable de persoas aspirantes para cursar estas ensinanzas debido a que para este novo curso segue vixente o convenio de colaboración entre o RC Deportivo de La Coruña SAD e a Universidade de A Coruña co obxectivo principal de desenvolver o "Programa de Formación Específica de Fútbol", ordenándose a posibilidade de compaxinar os estudos de Grao de Ciencias da Actividade Física e o Deporte e os niveles de Técnico deportivo en Fútbol que imparte o CADF Deportivo.

Tendo en conta a flexibilidade na oferta educativa de ensinanzas deportivas recollida na normativa, e co fin de non causar prexuízo ao alumnado que desexa cursar estudos en



dito centro, esta dirección xeral RESOLVE convocar, con carácter extraordinario, a proba de carácter específico de acceso ao nivel I de grao medio de Técnico deportivo de Fútbol, que se realizará de acordo ao seguinte:

- O tribunal avaliador constituirase nalgún día anterior a data do exame, reunirse outro día para a preparación do exame e das instalacións onde se realizarán as probas, e reunirse nalgún día posterior a data do exame para rematar a avaliación e resolver as reclamacións, se as houberse.
- A proba terá lugar na **cidade deportiva de Abegondo (Agra de Marcés, s/n, San Tirso de Mabegondo, 15318 Abegondo), o xoves 14 de setembro de 2023, ás 10:00 horas.**
- So poderán inscribirse na proba específica as persoas aspirantes que reúnan os requisitos académicos establecidos para poder cursar estas ensinanzas (*Resolución do 4 de abril de 2023*).
- A inscrición para a realización da devandita proba deberá formalizarse na secretaría do CIFP Universidade Laboral (Rúa Salvador Allende, 15670 Culleredo) ata o **7 de setembro de 2023**, presentando a documentación establecida na citada *Resolución do 4 de abril de 2023*.
- As persoas aspirantes deberán aboar os prezos públicos de acordo co establecido no *Decreto 89/2013, do 13 de xuño*, para este tipo de probas.
- A listaxe provisional das persoas admitidas publicarase o **8 de setembro de 2023** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral de Culleredo.
- As reclamacións á listaxe provisional das persoas admitidas e a entrega da documentación que se lles requira aos/ás aspirantes realizarase os días **11 e 12 de setembro de 2023** a través da secretaría do citado CIFP.
- A listaxe definitiva das persoas admitidas publicarase o **13 de setembro de 2023** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral de Culleredo.
- A listaxe provisional de cualificacións das persoas aspirantes publicarase o día **15 de setembro de 2023** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP Universidade Laboral.
- As reclamacións á listaxe provisional de cualificacións realizaranse os días **18 e 19 de setembro de 2023** a través da secretaría do citado CIFP.
- A listaxe definitiva das cualificacións das persoas aspirantes publicarase o día **20 de setembro de 2023** no taboleiro de anuncios e na páxina web do citado CIFP.
- O tribunal de avaliación terá a categoría cuarta, e as persoas que o integran percibirán as correspondentes compensacións económicas polas actividades realizadas, conforme ao disposto no *Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia*, ou norma que o substitúa.



- A proba será administrada, avaliada e cualificada por un tribunal que estará integrado polos seguintes membros:
 - Presidente: Fernando Fernández Fraga.
 - Secretario: Juan Emilio Riveiro Rodríguez
 - Vogal titular: César Caamaño Cambón
 - Vogal suplente: Francisco J. Varela Rodríguez

Atendendo ao artigo 28 da *Orden do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia*, o tribunal deberá estar formado por un mínimo de 3 avaliadores/as. Polo tanto, en caso de ser un número inferior a 3 o día da proba, non poderá levarse a cabo ditas probas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

Servizo Territorial de Inspección Educativa
R/ Vicente Ferrer, 2-1º 15008 A Coruña

